

A CULTURA E A ARTE DO GÓTICO

Cales son as características do novo estilo artístico?



Construción dun castelo gótico en Francia, século XV.

Como se orixinou a arte gótica?

Desde finais do século XII, a mellora das condicións económicas e o desenvolvemento da vida urbana tiveron un grande impacto na cultura do Occidente europeo. A partir desa época e durante toda a Plena e Baixa Idade

Media (ss. XII-XV), a cultura estivo ligada ás cidades e a un novo estilo artístico máis complexo que permitiu construír grandes edificios e amosar a puxanza económica e cultural da vida urbana.

A O RENACER CULTURAL

O crecemento e mais o auxo das cidades propiciou un desexo de maior ilustración entre algúns nobres que, nesta época, levaban unha vida ociosa e cortesá nos seus palacios das cidades.

Pero o **aumento de instrución** produciuse, sobre todo, entre os burgueses da cidade, que se dedicaban aos negocios, desempeñaban o goberno municipal e desexaban ter coñecementos sobre escritura, aritmética, dereito, xeografía, etc.

O aumento do número de persoas que sabían ler e escribir e que adquirían cultura orixinou un incremento das obras literarias, das crónicas históricas e dos tratados filosóficos. Tamén se difundiron os tratados de xeometría e arquitectura, que serviron de inspiración para moitas das novas construcións.

Ao redor do século XIII, o latín foi quedando como a lingua relixiosa, científica ou xurídica, e produciuse o nacemento das **linguas vernáculas**, moitas delas derivadas do latín (galego, italiano, francés, castelán, etc.).



Burgueses parisienses dedicados ao comercio, século XV.

A literatura nas linguas vernáculas

A proximidade entre a lingua falada e a lingua escrita favoreceu o renacemento cultural. As obras literarias en linguas vernáculas, aquelas propias de cada país, como o *Decamerón* de Boccaccio, en italiano, os *Contos de Canterbury* de Chaucer, en inglés, ou o *Libro del Buen Amor* do Arcipreste de Hita, en castelá, son algúns dos libros que se popularizaron no século XIV.

B O NACEMENTO DAS UNIVERSIDADES

A necesidade de obter coñecementos potenciou o desenvolvemento de **escolas**, sobre todo episcopais (dependentes dos bispos) e urbanas (controladas polos gobernos das cidades).

Pero o desexo de profesores e estudantes de ensinar e aprender máis libremente, sen o control das autoridades relixiosas ou municipais, deu lugar á formación de corporacións independentes de profesores e alumnos chamadas **universidades**.

No entanto, moitas universidades fundáronse tamén baixo a protección dos monarcas ou da propia Igrexa, que desexaban outorgarlles prestixio a cidades e reinos coa creación destas institucións, que atraían os mellores pensadores e científicos.



Fachada da Universidade de Salamanca, a primeira de España. Outras universidades destacadas foron as de París en Francia, Oxford en Inglaterra ou Boloña en Italia.

C OS ESTUDOS UNIVERSITARIOS

A ensinanza no século XIII

Velaquí todos os instrumentos necesarios para os clérigos (profesores): os libros, un pupitre, unha lámpada de sebo e un candelabro, (...) tinta, unha pluma, unha chumbada e unha regra, unha mesa, unha cadeira, un encerado e xiz (...).

Jean DE GARLANDE:
Dicionario do mestre parisiense,
século XIII.



Clase de filosofía na Universidade de París, século XV.

Nas universidades ensinábanse os chamados **saberes clásicos**, o *trivium* (gramática, retórica e dialéctica) e o *quadrivium* (xeometría, aritmética, música e astronomía). Ademais, desenvolvéronse os estudos de medicina, dereito, arte poética e teoloxía.

Os estudos universitarios eran longos e caros. As xentes acomodadas eran as que se dedicaban a estudar, aínda que tamén se fundaron institucións benéficas para axudar os estudantes.

D UNHA NOVA RELIXIOSIDADE

A vida urbana, o aumento da educación e o contraste de clases sociais que se producía na cidade, formularon **novas necesidades relixiosas**.

A Igrexa tiña dúas misións: darlle resposta a unha poboación moito máis educada que lía e se formulaba preguntas, e tamén ofrecerlles axuda aos máis desfavorecidos, cada vez máis numerosos nas cidades.

Ademais, a partir do século XII, o Papa en Roma convertérase nun poder non só relixioso, senón político, que disputaba a súa primacía sobre o propio emperador.

Por iso, a Igrexa desexaba amosar, a través de **edificios enormes** e fermosas **obras de arte**, o seu poder e a súa superioridade e reflectir nelas o reino dos ceos, que lles era prometido aos bos cristiáns.

Isto fíxose, sobre todo, nas cidades, o novo centro do poder económico e político, onde se impulsou a construción de catedrais decoradas con fermosos retablos e esculturas.

As novas ordes relixiosas

Nesta época apareceron **ordes relixiosas**, como os **franciscanos**, para darlles resposta á miseria e aos conflitos sociais da nova sociedade urbana, ou os **dominicanos** dedicados ao ensino co fin de manter a relixiosidade nos medios urbanos.



B. GOZZOLI: *Encontro de San Francisco e San Domingos*, 1450.

1. Que ambiente económico, social e político permitiu, a partir do século XIII, o renacer cultural nas cidades? Que diferenzas hai coa época do Románico?
2. Que son as linguas vernáculas? De que idiomas derivan as linguas do Occidente europeo? Por que a utilización de linguas nacionais estimulou a cultura?
3. Como naceron as universidades? Cres que eran moi diferentes das actuais? Explica.

4. A que cambios se adaptou a Igrexa a partir do século XIII? Por que foi a cidade o centro de poder tamén para a Igrexa? Indaga como se orixinan e que características teñen franciscanos e dominicos.

Argumenta a resposta

5. Por que o Gótico naceu nos séculos XII-XIII? Relaciónao co auxe urbano, co aumento da instrución e co novo papel da Igrexa.

2 A arquitectura gótica

A partir do século XII, novas técnicas construtivas permitiron a aparición dun estilo artístico que se coñece co nome de Gótico e que se espallou por todo Occidente.

As novas construcións urbanas

O desenvolvemento da economía, o renacer urbano e o aumento da poboación orixinou a necesidade de novas construcións.

Así, as cidades viron aparecer numerosos grupos de canteiros, albaneis e carpinteiros dirixidos por mestres de obras e arquitectos, que se dedicaron a levantar **palacios** para os nobres e comerciantes, **casas dos concellos** para o goberno da cidade ou **lonxas** para os mercadores.

No entanto, na cidade medieval edificáronse sobre todo grandes **catedrais**, que se converteron no símbolo das vilas.

As características da nova arquitectura

Unha serie de innovacións técnicas, relacionadas co maior coñecemento das matemáticas e da xeometría foron a clave do novo estilo gótico. Permitiron construír **edifícios máis altos e luminosos** que os de estilo románico, que se caracterizan:

- Pola utilización dun novo **arco** menos pesado, que pola súa forma se denomina **apuntado** ou **oxival**.
- Polo uso da **bóveda de crucería**, formada polo cruzamento de dous arcos oxivais que se apoian sobre catro puntos de soporte, en columnas ou piares.

Desta forma o peso da cuberta (teito) non descansa directamente sobre os muros da igrexa e pódense **abrir ventás** con vidreiras ou rosetóns.


- Polo emprego dun sistema de **arcobotantes** e **contrafortes** no exterior que reparten o peso das bóvedas e suxeitan os muros.
- Por unhas **fachadas** que adoitan ter tres portas que coinciden coas tres naves interiores. Cada portada esta flanqueada por un tímpano e arquivoltas e adoita estar partida por un parteluz.
- Por aparecer **rosetóns** e ventás con **vidreiras**, galerías con estatuas e decoración en forma de frechas (**gabletes**).
- Por utilizar **pináculos** para rematar os contrafortes, que lle outorgan á igrexa unha enorme verticalidade.



Lonxa de panos de Bruxes (Bélxica), século XIII.

A arquitectura da luz

As enormes fiestras e rosetóns das igrexas góticas cubríronse con vidreiras de cores. Estas teñen por obxecto crear espazos iluminados que queren conducir os crentes a un ambiente de espiritualidade.




Vitrais da Saint Chapelle, París, século XIII. Grazas á luz solar, os vitrais reflicten as súas figuras cheas de colorido no interior.



1. 🏠 🏗️ 📐 Cales foron as principais innovacións técnicas da arquitectura gótica? Define arco oxival, bóveda de cruzaría, arcobotante e contraforte.
2. 🏰 🏗️ Que novos edificios se construíron en estilo gótico? A que estaban destinados?

3. 🏠 🏗️ 📐 En que difire a fachada gótica da románica? Observa o debuxo e describe cada unha das súas partes.
4. 🏰 🏗️ 📐 As gárgolas son elementos moi comúns nos edificios góticos. Indaga que son e explica o achegando unha fotografía.


UNHA CATEDRAL GÓTICA



Arbotantes, contrafortes e pináculos da catedral de Bourges (França), séculos XII-XIII.



Rosetón da catedral de Chartres (França), século XIII.



Nave central da catedral de Amiens (França), século XII.

MEMOART: As portadas e as vidreiras

- A portada da catedral é a culminación das igrexas góticas, o escaparate que atrai ao interior e amosa a beleza e magnificencia da obra. Na portada resúmense todas as innovacións do Gótico e amósanse non só os elementos arquitectónicos senón tamén as vidreiras e as esculturas.
- A partir do século XIII, as vidreiras son máis finas e permiten maior paso da luz. Os motivos xeométricos combínanse con figuras, escenas e paisaxes.

O Mestre André, construtor de catedrais

O Mestre André é un mestre de obras moi apreciado no reino.

Chegou á cidade para facerse cargo da construción da catedral, porque o mestre que se encargaba de dirixir a obra caeu gravemente enfermo.

A catedral, sé do bispado

A catedral é a igrexa principal dunha diocese, que é un distrito no que exerce a súa autoridade un bispo. Polo xeral, adoita estar nunha cidade importante que é a sé do bispado.

A partir do século XIII as catedrais convertéronse nas edificacións máis representativas da Igrexa católica.

A COMO SE FINANCIABAN AS OBRAS

O Mestre André foi contratado polo **consello municipal** da cidade, que é quen encargou e dirixe as obras da catedral.

A construción dunha grande igrexa gótica é moi cara. Financiouse especialmente coa contribución dos gremios de artesáns e mercadores e a colaboración do rei, do bispo, dos nobres e do pobo raso.

Hai máis de 80 anos que a catedral está en construción. Ás veces, cando a situación económica non é boa, a cidade non pode conseguir cartos para as obras e estas parálanse durante anos.

En ocasións hanse de deixar sen acabar as portadas ou as altas torres, que non se finalizarán nunca ou se farán moitos séculos despois.



O Duomo de Milán iniciouse no século XIV, pero a súa portada e a parte exterior non foron rematadas ata o século XIX.

B QUEN PARTICIPABA NA SÚA CONSTRUCIÓN

O Mestre André aprendeu o oficio de canteiro do seu pai, pero era un mozo moi esperto e estudou técnicas construtivas nos libros de xeometría, aritmética e arquitectura. Cos seus instrumentos de medición (regras, compases, escuadros, etc.) vaise poñer á fronte da obra da nova catedral gótica.

O seu contrato inclúe, ademais do salario anual, o aloxamento. Tamén especifica os días de traballo, que serán moitos máis co bo tempo que durante o inverno.

Os oficios necesarios para a construción da catedral son moitos e variados; os **canteiros** que traballan a pedra, os **albaneis** que levantan os muros e as bóvedas, os **carpinteiros** que fan os teitos, as portas, etc.


De todos os oficios, o máis importante é o dos canteiros. Eles son os que converterán os bloques de pedra, traídos desde as canteiras, nas pezas que deberán encaixar perfectamente para construír a catedral. Están organizados en **lozas** (asociacións) e marcan as pedras que tallan cun símbolo que os identifica.

NÚMERO DE TRABALLADORES

Oficios	Primavera	Verán	Inverno
Canteiros	41	78	35
Marmoristas	16	49	7
Albaneis	31	14	4
Carpinteiros	32	16	9
Forxadores	17	16	13
Peóns	213	135	37



Marca de canteiro en espiral nun bloque de pedra.



COMO SE CONSEGUÍA A ALTURA E A SOLIDEZ

A catedral construíase partindo dunha armazón básica constituída polas **bóvedas de cruzaría** que descansan sobre enormes piares ou pilastras, ás que se pegan, en ocasións, columnas. Estes elementos verticais reciben o peso da bóveda.


Para elevar eses arcos e bóvedas, construíanse primeiro armazóns de madeira sobre as que se irían erguendo en pedra, unida por argamasa (cemento), as columnas, os piares, os arcos, as bóvedas ou as ventás.

COMO SE SUBSTENTABA A CATEDRAL

As catedrais construíanse utilizando:


As **pedras de cantería**, bloques de pedra, que servían para construír os muros, os piares, o teito, etc., e que eran de medidas diferentes, segundo o lugar que ocupaban.

pedra de cantería



As **doelas** son as pezas de pedra dos arcos, das portas ou das ventás. Para darlles forma debuxábase o arco sobre xeso ou madeira. Despois trazábanse as doelas e as súas medidas exactas, de xeito que os canteiros puidesen tallalas.

doela



1. Quen é o Mestre André? Que oficio coñece? Quen o contrata? Para que? Que oficios interveñen na construción dunha catedral?
2. Como se conseguiu a verticalidade e luminosidade destas igrexas? Que bloques de pedra son básicas para a construción? Observa no debuxo os arcobotantes, os piares, os contrafortes, o arco apuntado e a bóveda de cruzaría. Indica a súa función na estrutura do edificio.
3. Quen foron os impulsores da construción de novos edificios? Por que motivos?

Ponte no seu lugar

4. O Mestre André debe viaxar á súa casa. En que momento cres que haberá menos traballo na obra? Explica.
- Antes de irse debe pagar o traballo dos canteiros. Como sabe cantas pedras tallou cada un?

A escultura e a pintura góticas

A pintura e a escultura góticas continuaron a ter, coma no Románico, a función esencial de decorar as igrexas e de transmitir mensaxes relixiosas. Pero, pouco a pouco, fóronse independizando da arquitectura e abranguendo outros temas e outras funcións.

Unha escultura máis realista

A escultura continuaba presente na decoración de fachadas e de claustros, pero tamén se realizaban retablos e sepulcros e cada vez se producían máis esculturas exentas.

A temática seguiu sendo relixiosa, aínda que tamén se esculpían estatuas de reis e nobres.

Polo xeral, a escultura gótica foi perdendo a hieratismo e a rixidez do Románico e volveuse máis **realista**, nos rostros e nas vestimentas:

- Os rostros expresan xa sentimentos e convértense en retratos de persoas reais.
- A forma dos corpos móstranse a través das vestimentas.
- As figuras non aparecen só illadas, perden o seu estatismo para relacionarse entre elas, creándose numerosas **escenas** ou narracións.
- Outórgaselles certo movemento ás figuras, utilizando a chamada **curva gótica** que inclina corpos e cabezas.

A pintura

A estrutura da igrexa gótica, que substituíu os muros por amplas ventás, reduciu enormemente o espazo da pintura ao fresco (nas paredes) e foise xeneralizando a **pintura sobre táboa** (retablos). Tamén nesta época, a ilustración de libros e de códices (**miniaturas**) alcanzou unha enorme perfección.

A temática da pintura gótica era esencialmente **relixiosa**, pero empezaron a aparecer numerosas **escenas da vida cotiá**, así como paisaxes e cidades.

Entre as características da pintura gótica destacan:

- O tratamento máis **naturalista** e **realista** das persoas (corpos e rostros) e das paisaxes.
- O intento de **representación dos sentimentos** nos xestos e nos rostros.
- A valoración da luz e da cor para dar sensación de realismo.



▼ Anxo do sorriso da fachada da catedral de Reims, século XIII.

► Virxe Branca da catedral de Toledo, século XIV.



▼ GIOTTO: O bico de Xudas, século XIV. Pintura ao fresco.

1. 📌🎨 Que características presenta a escultura gótica? Que recursos utiliza para conseguir un maior realismo?
2. 🎨 Por que dicimos que a escultura comezou a independizarse da arquitectura?
3. 🎨 Por que se reduciu o espazo para a pintura ao fresco nas igrexas?
4. 🎨 Que outro tipo de pintura se foi xeneralizando? Cales foron os temas máis representados?

QUE É A PINTURA SOBRE TÁBOA?

A táboa é un soporte ríxido de madeira, que se pode mover ou trasladar e sobre o que se realizaba a obra pictórica. Para poder pintar, cubríase a madeira cun lenzo impregnado dunha especie de xeso, impermeable á auga.

OS RETABLOS

Un retablo é unha estrutura que se sitúa detrás do altar dunha igrexa e que adoita ser de madeira (táboa). De aí provén o seu nome en latín (*retro tabula*).

Poden presentar diversas formas, segundo os compartimentos do cadro. Así, se teñen dous chámanse **díptico**, e se son tres, **tríptico**, que son os máis habituais e, por último, se teñen múltiples compartimentos, denomínanse **políptico**.



► Robert CAMPIN: O enterro de Xesucristo, século XV. Tríptico á témpera. Presenta un fondo dourado, realizado con pan (follas) de ouro sobre a primeira capa de xeso.

A PINTURA AO ÓLEO

A partir do século XV, sobre todo entre os pintores flamengos, iniciouse a pintura ao óleo, que combina os pigmentos con aceite.

O óleo permanece húmido moito tempo, favorecendo a mestura de cores, o retoque das pinturas, a aplicación de moitas capas de pintura, etc.

5. Explica o que é un retablo e cales son os diferentes tipos de retablos que existen.
6. Observa a *Maestà* de Duccio di Buoninsegna e a *Adoración* dos Van Eyck. Fíxate nas datas e na técnica. Compáraas: cal é máis hierática, menos real, con menor profundidade e con menor matiz de cores. Cres que entre unha e outra se produciu unha evolución? Explica.


A PINTURA Á TÉMPERA

As táboas ou retablos góticos pintábanse, nun inicio, coa técnica da témpera, que consiste en que os pigmentos de cor se disolven con auga e unha materia graxa, normalmente xema de ovo.

As pinceladas non poden ser nunca grosas e secan moi rápido, permitindo pouca rectificación.



▼ Duccio DI BUONINSEGNA: A *Maestà* da catedral de Siena, témpera sobre madeira do século XIV.



▼ Hubert e Jan VAN EYCK: A *Adoración do Añño Místico*. Óleo sobre táboa, século XV.

O Gótico na Península Ibérica

A partir do século XIII, o estilo gótico tamén se expandiu polos reinos cristiáns da Península Ibérica. A nova corrente artística impúxose non só no norte e no centro peninsulares, senón que, segundo ía avanzando a conquista cristiá, se foi espallando tamén polo sur.

É o estilo no que se construíron algunhas das grandes igrexas e catedrais e moitos palacios nobiliarios e municipais.

A ARQUITECTURA

En arquitectura gótica existían dúas grandes escolas:


- A do **Gótico francés**, relacionada coas grandes correntes europeas. Foi maioritaria en Castela e Navarra, con catedrais como as de Burgos, León e Toledo, e tamén nos territorios conquistados a partir dos séculos XIII-XIV de Andalucía e Estremadura.
- A do chamado **Gótico mediterráneo**, implantado na Coroa de Aragón, con exemplos como Santa María del Mar en Barcelona ou a catedral de Palma de Mallorca.

O GÓTICO MEDITERRÁNEO


Caracterízase por ser un estilo máis compacto e macizo. Adoita presentar plantas de salón (unha soa nave e as capelas). Ademais, case non hai diferenza de altura entre a nave central e as naves laterais, co que se reduce o papel dos arcobotantes que en moitos casos desaparecen, reforzando a función dos contrafortes. Os teitumes adoitan ser planos e as fiestras, máis pequenas.

O GÓTICO FRANCÉS

Este estilo caracterízase pola súa enorme verticalidade e profusión decorativa. A utilización de arcobotantes e contrafortes exteriores permite a apertura de enormes fiestras con vidreiras que confiren gran luminosidade.



Fachada da catedral de Burgos, séculos XIII-XV.



Catedral de Palma, séculos XIII-XIV.



Catedral de Teruel, en estilo gótico-mudéxar, século XIII.




MEMOART: O Gótico-mudéxar

- › Nalgunhas zonas (Aragón, Valencia, Estremadura e Andalucía) realizáronse obras que tiñan características do Gótico con elementos do Mudéxar, estilo artístico achegado pola poboación de orixe musulmá que permaneceu nos territorios cristiáns.
- › Caracterizábase pola utilización do ladrillo, o traballo decorativo en xesería, a cerámica vidrada nos exteriores e as cubertas e artesoados en madeira tallada e policromada.

B A PINTURA E A ESCULTURA

A escultura e a pintura góticas mantivéronse aínda moi ligadas á decoración de igrexas, catedrais e mosteiros. Pero comezaron a aparecer mestres que asinaban as súas obras, e estas adquiriron importancia por si mesmas.

En escultura destacan artistas como Gil de Siloé e Pere Joan. En pintura, na Coroa de Aragón, traballaron artistas como Pere e Jaume Serra, Bernat Martorell e Lluís Dalmau, e en Castela, Nicolás Francés e Fernando Gallego.



▶ Fernando GALLEGO: *A Piedade*. Témpera sobre táboa, século XV.

Gil DE SILOÉ: *Retablo de Santa Ana*, século XV. Capela dos Condestables, Burgos.



▶ Pere JOAN: *Sant Jordi*, 1420. Palacio da Generalitat, Barcelona.



▶ Lluís DALMAU: *Retablo da Virxe dels Consellers*, século XV.

Cantigas de Santa María

As *Cantigas de Santa María* constitúen un cancionero en galegoportugués escrito por Afonso X o Sabio, rei de Castela e León.

Os seus códices están ilustrados con miniaturas de estilo gótico de gran beleza.



▶ Miniatura de músicos. *Cantigas de Santa María*, século XIII.

FICHA ART

a) **Descrición e iconografía.** Busca información sobre Santa Ana e describe a obra. Que tres personaxes aparecen? Como están organizados? Como está vestida a Santa? Correspóndese á súa época ou á da que se realiza a obra?

b) **Análise artística.** Como son as vestimentas? O rostro ten expresión e naturalidade? Como consegue darlle impresión de certo movemento? Por que incluíriamos esta obra no estilo gótico e nunca no románico?

1. Que ámbito territorial abrangue o Gótico peninsular en comparación co Románico?
2. Que dous grandes estilos construtivos se desenvolveron? En que zonas?
3. Que artistas salientan na pintura e na escultura góticas españolas?

Investiga

4. Busca obras do Gótico-mudéjar e identifica as súas principais características.

6 A arte gótica en Galicia

A arte gótica implantouse maiormente nas cidades da man das ordes mendicantes, concretamente a dos franciscanos e a dos dominicanos, que chegaron a Galicia no século XIII.

A ARQUITECTURA

O Gótico galego iniciouse coa catedral de Tui, cuxo pórtico occidental se construíu neste estilo, nas primeiras décadas do século XIII.

A **simbiose entre Románico e Gótico** tivo as súas primeiras manifestacións nos mosteiros do Císter, como os da Armenteira, Acibeiro e Oia (Pontevedra), Monfero (A Coruña), Meira (Lugo) e Oseira e Melón (Ourense); pero continuou mesmo ata o século XV (San Martiño de Noia).


As construcións góticas en Galicia renunciaron ás esveltas torres con pináculos e ás vidreiras coloreadas pero utilizaron amplamente os elementos góticos esenciais, como as bóvedas de cruzaría e o arco apuntado, como nas igrexas góticas de Betanzos (A Coruña).

@ Amplía na Rede...


Para saberes máis sobre as igrexas góticas de Betanzos, entra en: www.tiching.com/83272



Fachada principal da catedral de Tui, do ano 1225, unha das primeiras en estilo gótico da Península.



Interior da nave da igrexa do mosteiro de San Martiño de Noia, consagrada no ano 1434.



Igrexa do mosteiro de Santa María a Real de Oseira, séculos XII-XIII, na que destaca a austeridade decorativa.

B ESCULTURA

A decoración dos tímpanos en igrexas e catedrais diminuíu durante este período, aínda que existen importantes exemplos como a monumental portada da catedral de Tui.

Pola contra, a **escultura funeraria**, que ata o momento estivera restrinxida á familia real e ás máximas autoridades eclesiásticas, popularízase a partir de 1280, estendéndose de modo progresivo entre a nobreza e o clero medio.

Así, durante as primeiras décadas do século XIV en Galicia multiplicáronse os monumentos funerarios en igrexas, catedrais e conventos, nos que se personalizaba a figura do defunto a través da heráldica e da indumentaria.

Obras salientadas son o sepulcro de Suero Gómez de Soutomaior, no convento de San Domingo de Pontevedra, e o sepulcro de Fernán Pérez Andrade, na igrexa de San Francisco de Betanzos.


Outras manifestacións significativas da escultura gótica galega son os **baldaquinos**, os **retablos** (retablo da capela dos Condes, da igrexa de Santa María de Graza, en Monterrei) e as **imaxes** en madeira policromada.



Detalle da portada principal da catedral de Tui (Pontevedra), século XIII.



Virxe de Bonaval, século XV. Os temas marianos foron os máis recorrentes neste tipo de escultura.




Sepulcro de Fernán Pérez de Andrade, do século XV.

1. Como penetrou a arte gótica en Galicia?
2. Explica cales son as principais características da arquitectura gótica en Galicia.
3. Que importancia ten a escultura gótica nas portadas das igrexas góticas de Galicia?
4. Explica a evolución da escultura funeraria galega.

Investiga

5. En Galicia foron moi significativas as construcións realizadas polas ordes mendicantes. Infórmate e resolve as seguintes cuestións: Cando iniciaron a súa actividade construtiva os dominicanos e os franciscanos en Galicia? Que características presentan os seus templos? Cita algúns exemplos de templos galegos.


APRENDE A... ANALIZAR A ARQUITECTURA



Exterior da catedral de Notre Dame de París.



Interior da catedral de Toledo.



Fachada da catedral de Reims.

1. Presentación

- Busca información sobre as tres catedrais que amosan estas fotografías e indica no teu caderno a época en que foron construídas e as principais características.

2. Identificación e descrición

- **Fotografía A.** Identifica os elementos marcados cos números 1, 2 e 3. Di cal é o seu nome e explica a súa función.
- **Fotografía B.** Sinala a que número da fotografía corresponden os seguintes elementos: nave central, nave lateral, arco oxival. A continuación, fai a definición de cada un deles.

Di tamén o nome e a función dos elementos indicados polo resto dos números.

- **Fotografía C.** Seguidamente están anotados os compoñentes básicos dunha fachada gótica. Identifícaos na fotografía: portada principal, portadas laterais, parteluz, tímpano, arquivoltas, gablete, galería de estatuas, rosetón.

3. Análise

- Imaxina que tes que falar con alguén que dubida se estas igrexas son góticas ou románicas. Elabora unha pequena síntese argumentativa na que utilices, como mínimo, cinco termos que definan o estilo gótico e o diferencien do Románico.

4. Contexto histórico

- Indica en que época e situación económica xurde o estilo gótico e por que dicimos que é unha arte urbana fronte ao Románico.

1 A arte no seu contexto. As novas ordes relixiosas ✓ A A @

Esta pintura representa a San Francisco de Asís entregándolle a súa capa a un home necesitado.

- Describe o lugar en que se desenvolve a escena e os protagonistas.
- Busca información sobre a vida de San Francisco e a súa orde. Que principios defendía? Como explicaba que debían vivir os seus frades? Por que se lle coñece como unha orde relixiosa mendicante?
- Por que a partir do século XIII hai unha nova forma de relixiosidade? Que outra orde xurdiu tamén nesta época? A que se dedicaba?

Giotto DI BONDONE: *Doazón da capa* 1290-1300. Pintura ao fresco da basílica de San Francisco, en Asís.



2 Fontes documentais. A beleza da catedral ✓ A B C

A grande obra [a catedral] resplandece (...). A beleza da casa de Deus debe, con maior razón, dar aos fieis un anticipo da beleza do Ceo (...).

A súa visión deume a ilusión de atoparme, por así dicilo, nunha terra estranxeira que de ningún xeito era a terra de lodo deste baixo mundo, pero aínda non era a rexión pura do Ceo (...).

A través da alegría coa beleza material, podemos, coa axuda de Deus, sentirmos transportados (...) ao goce espiritual da beleza suprema (...).

Que esta obra que brilla en toda a súa nobreza ilumine os espíritos a fin de que vaian cara á luz verdadeira na que Cristo é a verdadeira porta [salvación].

SUGER, abade de Saint Denis, século XII.

Le o texto e responde:

- Por que defende o abade Suger que a catedral debe ser de gran beleza?
- De que forma o espazo da catedral e o seu ambiente axudan os fieis a achegarse a Deus?
- Cal é a verdadeira luz segundo o texto? Relaciona o termo arquitectura da luz con este principio que identifica a Cristo, a Deus, coa luz.

3 Organización da información. Compara estilos ✓

Completa esta táboa que compara Románico e Gótico:

	ROMÁNICO		GÓTICO	
	Pintura	Escultura	Pintura	Escultura
Época				
Tipo de material				
Soporte				
Situación na igrexa				
Función				

4 Fontes dixitais. Os canteiros ✓ @

Os canteiros eran un oficio moi importante na construción dos edificios na Idade Media.

Consulta a información sobre os canteiros que hai en www.tiching.com/745677 e elabora un pequeno informe sobre os canteiros no que se explique:

- Que lugar ocupaban na sociedade feudal.
- Cando xorden as loxas ou asociacións de canteiros e como se organizaban.
- Que importancia tiñan as marcas dos canteiros e para que servían.

5 Fontes materiais. Un retablo gótico

Observa a imaxe e responde as seguintes preguntas:

- Que era un retablo? Cal é a diferenza esencial dos retablos respecto da pintura ao fresco?
- Por que se empezan a utilizar os retablos de forma común nas igrexas góticas?
- Este retablo é un tríptico. Por que? Que outros tipos de retablos existen?
- A igrexa representada no retablo, de que estilo é? Xustifícao. Busca nela a imaxe dun retablo.
- Por que esta é unha pintura do Gótico final? Que diferenzas podes observar respecto á pintura románica?
- A obra amósanos os sete sacramentos da relixión católica. Identifica onde están representados tres deles: o bautismo, o matrimonio e a misa.

Rogier VAN DER WEYDEN: Retablo dos Sete Sacramentos, 1445.



6 Traballo colaborativo. Os edificios góticos

As catedrais, as igrexas e os palacios son obras vivas que evolucionaron en moitas ocasións ao longo dos séculos.

É moi difícil non atopar nestes edificios restos de épocas diferentes. Ademais, moitos deles continúan tendo na actualidade a súa función orixinal, pero outros cambiaron a súa utilidade.

Propoñémosvos escoller un edificio gótico de Galicia, se é posible da vosa provincia, comarca ou localidade, para realizar un estudo do edificio e analizar o paso do tempo sobre el:

- Dividídevos en tres grupos e buscade información sobre edificios góticos de certa importancia.

Escollede tres e empezade a recoller información, escrita e gráfica, sobre o edificio e o seu contido: pinturas, retablos, esculturas, rexeira, artesoados, coro, etc.

- Organizade a información, analizando a que épocas e estilo corresponden os restos máis importantes.

- Cada grupo exporá na clase o que investigou sobre o seu edificio e entre todos escolleredes o edificio que, cos datos achegados, amosa mellor a riqueza e variedade do patrimonio histórico ao longo dos séculos. Despois, elaborade un uniforme con:

- O estilo predominante, Gótico, e as súas características nese edificio.
- Os posibles restos anteriores ao Gótico.
- Os engadidos ou reformas posteriores ao Gótico.
- A súa función primitiva e se existiu cambio de función ata a actualidade, así como a súa importancia e simbolismo na súa orixe e o que ten hoxe en día.

- Completade o informe con imaxes, fotografías ou debuxos.

- Por último, elaborade unha síntese sobre as pegadas que o paso do tempo deixa sobre os edificios e como estas son obras vivas ás que diversas xeracións van achegando elementos.

Síntese. A cultura e a arte do Gótico

A nova cultura urbana

- O crecemento e auxe das cidades propiciou un desexo de maior ilustración especialmente entre os burgueses da cidade, que desexaban ter coñecementos de escritura, aritmética, dereito, xeografía, etc.
- O aumento do número de persoas que sabían ler e escribir orixinou un crecemento das obras literarias e científicas. Ademais, cara ao século XIII, produciuse o nacemento das linguas vernáculas, moitas delas derivadas do latín (italiano, francés, castelán, etc.).
- A necesidade de coñecementos potenciou o desenvolvemento de escolas dependentes dos bispos ou dos gobernos das cidades. Pero axiña xurdiron as universidades sen o control das autoridades.
- A vida urbana formulou novas necesidades relixiosas. A cidade e as catedrais foron o centro da vida relixiosa e xurdiron novas ordes relixiosas como franciscanos e dominicanos.

A arte gótica. A arquitectura

- A partir do século XII, novas técnicas construtivas permitiron a aparición dun novo estilo artístico, que se coñece co nome de Gótico. Nado en Francia, estendeuse por todo Occidente e permitiu construír edificios máis altos e luminosos.
- As principais innovacións foron: a utilización dun novo arco, apuntado ou oxival e o uso da bóveda de cruzaría, formada polo cruce de dous arcos oxivais apoiados sobre catro puntos, en columnas ou piares.

- Coa aplicación destas innovacións, o peso da cuberta (teito) non descansaba directamente sobre os muros da igrexa e podíanse abrir ventás con vidreiras. Outra innovación foi o emprego no exterior dun sistema de arcobotantes e contrafortes que repartían o peso das bóvedas e suxeitaban os muros.

Pintura e escultura góticas

- A pintura e a escultura continuaron tendo a función esencial de decorar as igrexas e de transmitir mensaxes relixiosas. Pero pouco a pouco, foron independizándose da arquitectura e abranguendo outros temas e funcións.
- Os rostros expresaban xa sentimentos, a forma dos corpos amosábase a través das roupaxes, as figuras relacionábanse entre elas e outorgábaselle certo movemento ás figuras coa chamada "curva gótica" que inclinaba corpos e cabezas.
- En pintura xurdiu un interese pola profundidade, pola luz e pola cor e foise substituíndo a pintura ao fresco pola de táboa (retablos).

O Gótico peninsular

- A partir do século XIII, expandiuse tamén polos reinos cristiáns da Península Ibérica o estilo gótico. A nova corrente artística impúxose non só no norte e o centro peninsular, senón que, segundo ía avanzando a Reconquista, foise expandindo tamén polo sur.
- E o estilo no que se construíron algunhas das grandes igrexas, catedrais e palacios nobiliarios. Tamén se elaboraron numerosos retablos e esculturas.

1 CONSOLIDA O APRENDIDO

- Que cambios culturais se produciron nas cidades a partir do século XIII? Como e para que xurdiron as escolas e as universidades? Como favoreceu o novo ambiente o desenvolvemento da arte gótica?
- Que elementos foron clave na nova arquitectura gótica? Que edificio é o máis representativo? Quen participaba no seu financiamento? Por que?
- Que novas características tiñan a escultura e a pintura respecto á época do Románico? Por que apareceron as vidreiras e os retablos?

RESPONDE A PREGUNTA INICIAL

Cales son as características do novo estilo artístico?

TÉCNICAS DE ESTUDIO: www.tiching.com/725138

Practica unha técnica de estudo partindo da síntese.

2 DEFINE CONCEPTOS CLAVE

- | | | |
|-----------------------|----------------|------------|
| • gótico mediterráneo | • universidade | • vidriera |
| • arcobotante | • parteluz | • retablo |
| • gótico francés | • arquivolta | • témpera |
| • contraforte | • pináculo | • rosetón |

3 COMPARA CONCEPTOS

- bóveda de canón / bóveda de cruzaría
- Gótico / Románico
- arco de medio punto / arco oxival

RETOS NA REDE



DETECTIVE DO PASADO: Goticgame, deseña o teu xogo.

ACTIVIDADES AUTOCORRECTIVAS: Resolve estas actividades e repasa o que aprendiches.

www.vvd.link/012203/8